

DATOS PARA UN ESTUDIO COMARCAL DA MORTANDADE DE “PÁRVULOS” EN GALICIA (FINS DO XVII-MEDIADOS DO XIX)

✠ Pegerto Saavedra

*Raptus est in tempore brevi, ne malitia
mutaret intellectum eius* (Lib. de
Bautizados de Ferreirúa, Lugo, 1656).

I.- Introducción: obxectivos e dificultades.

Este pequeno traballo é froito dun esforzo antigo e sostido, aínda que insuficiente -e desde logo pouco agradecido-, orientado a coñecer-las variacións que nas diversas comarcas da Galicia cantábrica e interior experimentou a mortandade de “párvulos” entre c. 1650 e c. 1850. Fai xa unha ducia de anos puidemos demostrar que na mariña cantábrica a mortandade de menores de sete anos era máis elevada nos pequenos núcleos urbanos ca no mundo rural e que, por outra parte, tanto nas aldeas coma no mundo vilego a mortandade rexistraba fluctuacións, en ocasións importantes, desde fins do XVII a mediados do XIX¹. A maiores dos datos daquela recolleitos, presentados e comentados, conseguimos a xuntar outros en arquivos parroquiais das dióceses de Lugo, Ourense e Mondoñedo, e que son o soporte destas páxinas.

Con todo, o noso empeño enfróntase con grandes atrancos que teñen a súa orixe, principalmente, nas faltas dos libros de bautizados e defuntos, que, ademais, non sempre están concentrados nos arquivos diocesanos. Os investigadores afeitos á consulta dos arquivos parroquiais de Galicia coñecen ben o traballosa -e ata raro- que resulta atopar rexistros sistemáticos de mortos de menos de sete anos ou “párvulos”. Abonda con repasa-los artigos dedicados á demografía, as memorias de licenciatura e mesmo as teses de doutoramento defendidas nos últimos vinte anos para observar que, en moitos casos, os autores a penas puideron contar con arquivos nos que a mortandade infantil-xuvenil se anotase dunha maneira continua e, para estudar esta variable, deberon acudir a outros recursos -que, ó ir acompañados da reconstrucción

¹ Cfr. SAAVEDRA, P., *Economía, Política y Sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Xunta de Galicia, 1985, pp. 107-115.

de familias debemos consideralos rigorosos-, como a comparanza entre número de bautizados e de superviventes en listas de confirmados ou en censos nominativos².

Neste panorama, o presente traballo, a pesar de ofrecer cálculos elementais ou quizabes bastos, ten, coidamos, algunha novidade se se atende polo menos ó número e orixe xeográfica das series manexadas. Os datos pertencen a parroquias con moi diversas estruturas familiares e bases agrarias³ e por primeira vez preséntanse taxas de mortandade de párvulos claramente diferentes para diversas comarcas; hai series -como as de Quintá de Lor, Augasmestas e Trabada- que se poden seguir durante século e medio; outras -como a de Vilanova de Lourenzá- xa nos eran coñecidas parcialmente, pero agora logramos completalas -no caso citado desde 1670 a 1849-. En total empregamos unhas 27.000 partidas de defunción de “párvulos” e unhas 80.000 de bautizados, despois de deixar de lado -para este traballo concreto- aqueles arquivos nos que as anotacións de pequenos mortos non ofrecían certas garantías⁴, pois as partidas de bautizados recolleitas andan sobre as 500.000 e confiamos en que, a non tardar, nos permitirán facer unha primeira reconstrucción da traxectoria da poboación galega desde fins do XVI a mediados do XIX⁵.

Para diversas parroquias só contamos con datos para dúas ou tres décadas; trátase, sen embargo, de freguesías grandes e que consideramos moi representativas no ámbito comarcal: Galdo, por exemplo, anda preto dos 2.000 bautizados de 1814 a 1849; Santa María de Xestoso ó pe dos 2.400 no mesmo período e San Martiño de Mondoñedo dos 1.500 entre 1810 e 1849... A meirande parte das series procede de arquivos da diocese de Mondoñedo debido a nosa propia traxectoria investigadora, pero tamén a que os libros parroquiais mindonienses, polo xeral, superan en fiabilidade ós de Ourense e, desde logo, ós de Lugo: custounos moito tempo atopar, na diocese luguesa, libros con mortandade de “párvulos”. Os poucos que logramos reunir pertencen á parroquias da xurisdicción da Encomenda de Quiroga, que estaban ó coidado de priores desa institución⁶.

² Para a Galicia occidental, o mellor rexistro atopado ata o presente é o de Santa María de Armenteira, parroquia administrada polos frades bernaldos; vid. PEREZ GARCIA, J. M., *Un modelo de sociedade rural de Antigo Régimen en la Galicia costera*, Santiago, 1979, pp. 138 ss.

³ Namentres non se publique a tese de I. Dubert García (1990), vid. SAAVEDRA, P., “Casa y comunidad en la Galicia interior, 1750-1860”, en J. C. Bermejo (edr.), *Parentesco, familia y matrimonio en la historia de Galicia*, Santiago, 1989, pp. 95-144.

⁴ Moitos libros de defuntos poden conter partidas de “párvulos”, pero eso non quere dicir que o rexistro sexa fiable: “Nada hay más asistemático en tal registro, lo que es prueba evidente del descontrol de la actuación de los curas rurales, con relación a este extremo”, escribe PEREZ GARCIA, J. M., *Un modelo...*, p. 20.

⁵ Para levar a cabo este proxecto contamos co financiamento da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación (D.O.G., 16/V/1991; XUGA 21003A90).

⁶ Augasmestas e Quintá de Lor, Zanfoga, Meira, Seara, San Clodio de Ribas de Sil e San Vicente de Pombeiro pertencen á diocese de Lugo; Sanín e Cudeiro á de Ourense; o resto á de Mondoñedo. Os datos de San Tomé e San Xurxo de Lourenzá proceden dun traballo inédito de M. Fernández Méndez.

Aínda que, de primeiras, a información se pode considerar, desde o punto de vista cuantitativo, abondosa, os libros parroquiais presentan moitos problemas e algunhas porcentaxes han de tomarse como aproximadas e pecharán, sen dúbida, por defecto. Unha cuestión de grande importancia a ter en conta é que nas partidas rara vez se indica, dun xeito continuo e sistemático, a idade dos pequenos funerados. Os rectores confórmanse con anotar que “murió un párvulo, hijo de ..., llamado [esto non sempre]”. E ata poden aparecer dous e tres nunha mesma partida: en Devesos e Freires, en 1790, o rector por catro veces puxo a dous, que non eran irmáns, nun só asento. En caso de morte da nai e do fillo, no momento do parto, atópanse tamén casos nos que se rexistran nunha partida. Sería precisa unha reconstrucción de familias para elaborar táboas de mortandade por idades e de esperanza de vida, pero as condicións materiais nas que se había de facer esta clase de traballo demorarían o seu remate ben máis do debido, no caso de querer xuntar datos que tivesen a necesaria representatividade. En diversas parroquias nin sequera a reconstrucción de familias resolvería tódolos problemas, pois cando falta o nome dos “párvulos” na partida non se pode descubrir, en xeral, a correspondente data de nacemento.

Tampouco é preciso advertir que o método de reconstrucción familiar non nos fa permitír enmenda-los defectos de rexistros que acordamos non utilizar, xa que cando nos libros de bautizados e defuntos faltan moitas partidas, os resultados a que chegásemos no tocante á mortandade de “párvulos”, esperanza de vida, fecundidade, intervalos interxenesícos, etc..., serían falsos. Cando os rexistros son fiables e a mobilidade da poboación é escasa -segundo acontecía na Galicia rural-, as taxas obtidas calculando o cociente bautismos/defuncións e a través de reconstrucción de familias han de ser parecidas⁷. Repetimos, non obstante, que o primeiro cálculo, que nós manexamos, é algo rudo, principalmente porque non permite afondar nas explicacións das diferencias que se atopan nas cotas de mortandade: os demógrafos recoñecen que os cálculos de mortos de ano en ano teñen algo de convencional, pois o interesante sería fixa-los períodos nos que cambia a alimentación do neno; repartindo os mortos por meses isto poderíase facer (coñecendo ben as prácticas de lactancia e crianza), mais no noso caso pouca información podemos ofrecer, polo menos ata o presente, deste asunto.

En razón do dito, as taxas que o lector verá nestas páxinas refírense, na súa case totalidade, ós mortos antes de cumprir sete anos, ou “párvulos” para os eclesiásticos. Aínda que non sempre se declare nas partidas, non nos cabe dúbida de que, co-

⁷ Vid. as comparacións que fai J. M. PÉREZ GARCIA en *Un modelo...*, pp. 134 ss., e en “El modelo de mortalidad del Antiguo Régimen en la Horta de Valencia. Un contraste con las Rías Bajas Gallegas”, *II Congreso de la Asociación de Demografía Histórica*, Alicante, 1990, pp. 1.061-1.082. Para o caso francés J. HOUDAILLE, “La mortalité des enfants dans la France rurale de 1690 a 1779”, *Population*, XXXIX (1), 1984.

ma en boa parte da cristiandade obediente a Roma, “párvulo” era polo común en Galicia aquel pícaro que non chegara á “idade da discreción” e que, polo tanto, non estaba en disposición de confesarse, comungar e recibi-la extrema unción⁸. Abonda con ler coa precisa atención as partidas de defuntos para se decatarse, pois cando algún pequeno con sete anos cumpridos morre sen sacramentos o rector da parroquia adoita dici-lo motivo: ou ben porque os pais non deron aviso, ou ben -máis a miúdo- porque o funerado non tiña capacidade por ser “fatuó a nativitate”, “tonto”, “simple”: “aunque por su edad podía recibir los sacramentos, no se le administraron por ser fatuo desde su nacimiento”, aclara nunha partida de 1721 o abade de Vilanova de Lourenzá; e dunha rapaza morta en 1752 no real priorato de San Martiño de Mondoñedo e que aparece, estrañamente, notada de “párvula y soltera” -adxectivos que rara vez ían xuntos- o párroco di que a pesar de que acudiu un crego de Foz a confesala “no lo hizo porque no halló materia, siendo del todo inocente y cándida la expresada difunta”.

Poderíanse citar outros moitos casos semellantes ós que acabamos de mencionar, aínda que, dada a noción vagarosa do tempo que tiñan as xentes do Antigo Réxime, non se debe descartar que rapaces con sete anos cumpridos, pero que non chegaran a aprender a doutrina, fosen considerados sen máis reparos coma “párvulos”. Este feito, de ter sucedido, non cambiará gran cousa as porcentaxes. Non debe esquecerse tampouco que cada rector era un caso: se na maior parte das parroquias se diferencia con claridade ós “párvulos” dos “adultos” e “solteiros”, algúns curas tiñan unha terminoloxía particular: por exemplo, o prior que está en Trabada a fins do XVII e principios do XVIII distingue entre mortos “párvulos” e outros que se atopan en “edad pueril” (que xa reciben sacramentos). Excepcionalmente, rapaces con dez e ata doce anos poden ser notados, na práctica, de “párvulos”, pero nestes casos hai que entender que son menores de sete anos aqueles que son funerados sen ningún sacramento. En resumidas contas, non hai, desde logo, receitas que sirvan para resolver tódolos problemas e só a familiaridade cos diversos arquivos vai axudando a dar saída ás varias cuestións que se suscitan, unha vez que o investigador coñece o “estilo” de cada cura. Pequenas anotacións, en aparencia sen maior importancia, son a miúdo decisivas para investiga-la fase da vida na que a parca sorprendía ás súas vítimas.

A dificultade non reside tanto en pescudar que defuntos están por riba e por baixo dos sete anos, senón en saber se tódolos finados antes de chegar á “idade da discreción” foron anotados naqueles libros de defuntos que rexistran a mortandade

⁸ Pódense aplicar ós rexistros que coñecemos as consideracións que fai V. PÉREZ MOREDA en *Las crisis de mortalidad en la España interior (siglos XVI-XIX)*, Madrid, 1990, pp. 36 ss.

infantil-xuvenil e, no caso de que non o fosen, qué proporción falta. Cando figuran nas partidas os que só recibiron o “bautismo de necesidade” (“auga de socorro”) debemos admitir que o relato ten gran fiabilidade, aínda que non se indique a idade dos pequenos funerados; cando non, sabemos de entrada que a ocultación afecta a unha porcentaxe maior ou menor -quizabes variable co tempo- dos mortos⁹. Igual ca noutros aspectos, é en ocasións a familiaridade con cada arquivo, o coñecemento dos hábitos de cada rector, un dos principais criterios que nos vai guiando á hora de confirmar ou desmenti-la veracidade dos libros cos que traballamos. Poida que esta afirmación resulte chocante, pero é froito dunha certa experiencia na consulta dos arquivos creados por numerosos párrocos e substitutos, e esta experiencia, tal como dixemos antes, fainos desconfiar das “receitas” que queren acomodarse a tódolos casos.

Por fortuna para o historiador, nalgúns libros de defuntos aparecen anotados, dun xeito sistemático, os “párvulos” mortos con só o bautismo de necesidade. Trátase de pequenos que aparecen sen nome, porque seguramente, non se lles puxo, cousa que non se faría sen contar coa opinión do cura: na partida dunha nena funerada en 1725 en Vilanova de Lourenzá, o rector aclara que “no le pusieron nombre por haber sido socorrida en extrema necesidad”; noutra de San Martiño de Mondoñedo, de 1746, o prior escribe que “no se acordó el bautizante de ponerle nombre”. Pola razón que fose, non atopamos, entre varios centos, ningún destes “párvulos” con nome. O que interesaba ós párrocos era pescudar se o bautismo con auga de socorro se administrara correctamente pola parteira, cirurxián ou algún veciño presente. Desto adoitan, en efecto, informa-las partidas: o prior de San Martiño de Mondoñedo, por exemplo, amosábase confiado en 1761, cando funeraba a un neno a quen lle botara auga de socorro un fregués considerado polo eclesiástico “hombre capaz, y que sabe bien la forma de este sacramento”. Non sucedeu o mesmo en Bolaño (Lugo), en 1697: cando o escrupuloso rector lle preguntou a un veciño pola forma do bautismo administrada a un recién nacido, respondeu o labrego “que había pronunciado las palabras en latín de la forma como las dicen los curas, y -engadé o rector- habiéndole dicho que me las refiriese, conocí que titubeó, y no las dijo tan bien ni tan claramente como se deben decir”¹⁰.

Mais importante que toda esta casuística, que podería ampliarse con moitos outros exemplos, é calcular a proporción que sobre o total de bautizados e mortos re-

⁹ Hai casos nos que non pode saberse se no rexistro están ou non os que morreron con bautismo de necesidade (cando o rector non di outra cousa que “murió un párvulo hijo de...”, sen anota-lo nome).

¹⁰ O texto corresponde nesta ocasión a unha partida de bautismo solemne; arquivo Diocesano de Lugo, Bolaño, Bautizados, 1697.

presentan os finados con auga de socorro. Contamos con algúns datos que proceden, maiormente, da segunda metade do XVIII e da primeira do XIX, cando o bautismo solemne se celebraba, polo regular, ó día seguinte do nacemento. Esta clase de información atópase, case sempre, nos libros de defuntos, pois rara vez se asentaba nos libros de bautizados a aqueles que morreran antes de recibilo sacramento na igrexa¹¹. Había inclusive cregos que estimaban que non pagaba a pena tomarse o traballo de redactar as partidas dos finados con bautismo solemne cando morrían antes de pasalas ó correspondente libro. Un caso se cadra extremado é o dun rector de Penarrubia e Martín (Lugo), quen xa dobrado o XIX non asentaba ou deixaba sen rematar as partidas dos pequenos en canto era noticioso de que faleceran: “murió y no se concluye”, anota nunha de 1857, a medio facer. Se curas con estes costumes deixaban pasar uns días entre o bautismo e a redacción da correspondente partida, ben pode afirmarse que non deran fe dunha elevada proporción de nacementos. De pouco valían os mandatos dos visitadores, no caso de rectores preguiceiros ou ocupados máis no coidado da facenda ca das ánimas¹².

Naquelas parroquias nas que é posible facer cálculos, pode comprobarse que, en xeral, os funerados con auga de socorro representaban entre un 2,5 e un 4 por cento dos bautizados, e entre un 6 e un 12,5 por cento dos mortos. No cadro seguinte aparecen as diversas porcentaxes que logramos reunir para unha ducia de parroquias:

CADRO I
Porcentaxes que representan os enterrados con bautismo de necesidade sobre o total de bautizados e “párvulos” falecidos.

PARROQUIA	ANOS	% DE BAUTIZADOS	% MORTOS
Augasmestas e Quintá de Lor	1690-1709	4,0	10,9
Barreiros	1820-29	?	7,3
A Devesa	1790-1829	2,6	8,9
Espasande	1790-1809	3,4	11,2
Mondoñedo	1716-89	3,2	7,0
Pombeiro	1780-89	3,6	12,0
	1820-49	4,0	10,8
San Clodio	1770-99	2,8	6,6
Seara	1800-39	3,7	10,6
Trabada	1680-1729	1,0	4,3
	1760-1819	2,2	7,1
Vilanova de Lourenzá	1740-1829	4,3	12,7
Xestoso	1820-39	1,1	3,2

¹¹ Na meirande parte das parroquias non se atopa ningún “párvulo” morto con auga de socorro nos Libros de Bautizados; noutras aparecen algúns: en Trabada, por exemplo, entre 1670 e 1814 atopamos 13 de 78; en Santa María de Xestoso, entre 1822 e 1849 anótanse todos nos dous rexistros. En ocasións, algún morto con bautismo de necesidade rexistrouse como se recibira o sacramento solememente (un exemplo en Vilanova de Lourenzá, en 1812).

¹² A fiabilidade dos libros de moitas parroquias da diocese de Lugo é moi baixa, inclusive na primeira metade do XIX, cando aparecen numerosas reclamacións por partidas non asentadas.

A variación das porcentaxes entre unhas e outras parroquias ó longo do tempo nacerá da diferente fiabilidade dos rexistros, dos días que pasaban entre o nacemento e o bautismo e dos propios niveis, desiguais, da mortandade. Nalgunhas parroquias -caso de Trabada- a proporción de mortos con auga de socorro parece máis elevada a principios do XIX ca antes, pero eso será debido á meirande exactitude do reconto; noutras pasa ó revés, en razón de que se foi aproximando a data do bautismo á do nacemento¹³. En curtos períodos, a porcentaxe de mortos con bautismo de necesidade pode ser realmente alta: en Trabada, por exemplo, durante a última década do XVIII o 6,1 por cento do total de bautizados e o 20,2 por cento dos mortos; en Augasmestas e Quintá de Lor rexístranse en 1707 18 bautismos solemnes e 12 enteiros de "párvulos", cinco deles con auga de socorro. Non hai que perder de vista para explicar algunhas porcentaxes elevadas que os xemelgos e trixemelgos eran, a miúdo, os que máis probabilidades tiñan de morrer no intre do parto.

O fundamental a ter en conta é que as taxas elaboradas a partir de libros que non anotan os mortos ó nacer están infravaloradas entre un 6 e 12 por cento, porcentaxes que non deben desprezarse, sabendo que na demografía do Antigo Réxime calquera pequena variación da mortandade infantil-xuvenil tiña grandes consecuencias para o movemento natural da poboación. Seguindo os consellos de L. Henry, corriximos aqueles rexistros que teñen o mencionado defecto, estimando que no XVIII e XIX morrían co bautismo de necesidade o 3 por cento aproximado dos nados¹⁴. De tódolos xeitos, presentamos tamén os cadros sen corrixir, cas cifras obtidas directamente dos libros e non é preciso advertir que non aspiramos a ofrecer taxas exactas, senón o máis aproximadas posibles. Calquera que coñeza as fontes das que temos que valernos percibirá que non permiten milagres.

II.- Evolución comarcal da mortandade.

Os cocientes decenais de bautismos e defuncións non permiten matizar moitos aspectos da mortandade infantil-xuvenil, pero ofrecen unha imaxe aproximada dos niveis e cambios desta variable. Dado que, segundo cifras de comezos do XIX que logo comentaremos, antes de cumprir un ano morrían dous tercios dos "párvulos", parécennos máis axustadas as porcentaxes elaboradas a partir de actas de bautismo e defunción dun mesmo período que aqueles que se conseguen encabalgando os decenios e calculando, por exemplo, a taxa de mortandade de nenos de sete anos da década 1680-89 a partir dos nados en 1673-82, ou sexa, establecendo un desfaseamento igual ós tramos de idade sobre os que se fai o cálculo¹⁵. En parroquias nas que o número de bautizados varía pouco, un e outro cálculos dan resultados se-

¹³ V. PÉREZ MOREDA encontrou, tamén, grandes variacións, vid., *Las crisis...*, pp. 152-154.

¹⁴ HENRY, L., *Manual de demografía histórica*, Barcelona, 1983, pp. 98-99.

¹⁵ Cfr. HENRY, L., *Manual...*, p. 99.

mellantes, pero cando se trata de freguesías nas que isto non sucede o cálculo mediante decenios encabalgados ofrece cotas que varían espectacularmente e que son falsas, pois -continuando co exemplo anterior- a meirande parte dos que naceron en 1673-82 e morreron antes de chegar á “idade da discreción” foron funerados antes de 1680 e non en 1680-89. Repetimos polo tanto que o cálculo por decenios encabalgados é útil no caso de poboacións que oscilan pouco (salvo moi a longo prazo); non o é na mesma medida aplicado a parroquias nas que o número de bautizados varía significativamente dun decenio a outro. Con todo, a maneira de mostra, poden verse os resultados dun e doutro cálculo nas series de Santiago de Mondoñedo, Trabada, Augasmestas e Quintá de Lor.

CADRO II

Taxas de mortandade de “párvulos” en varias parroquias.

A) Cociente bautismos/defuncións no mesmo decenio;

B) Decenios encabalgados con sete anos de diferenca.

	Trabada		Augasmestas e Quintá de Lor		Mondoñedo	
	A	B	A	B	A	B
1680-89	352	402	-	-	-	-
1690-99	374	333	358	359	-	-
1700-09	281	300	378	397	-	-
1710-19	387	407	350	374	-	-
1720-29	262	263	318	398	355	520
1730-39	353	356	406	350	472	487
1740-49	334	286	332	383	425	488
1750-59	417	430	416	432	463	465
1760-69	332	427	426	443	480	510
1770-79	345	342	263	268	471	566
1780-89	392	316	323	369	385	383
1790-99	319	334	318	305	351	342
1800-09	354	410	499	495	332	330
1810-19	-	-	307	305	269	288
1820-29	-	-	314	332	329	374
1830-39	-	-	374	324	300	286
1840-49	-	-	322	341	385	344

Entrando xa no estudio concreto das taxas de mortandade de menores de sete anos, podemos observar como as series da mariña cantábrica non ofrecen grandes novidades, con relación ó que xa sabemos. Dispoñemos de datos dunha ducia larga de parroquias, aínda que en moitos casos os rexistros son tardíos ou non teñen a necesaria continuidade.

CADRO III

Taxas de mortandade de "párvulos" na mariña.

A) Segundo as cifras que proporcionan os rexistros;

B) Contando un 3 por cento de mortos con bautismo de necesidade aqueles decenios que non foron anotados.

	A DEVESA		V. DE LOURENZA		S. TOME E S. XURXO DE LOURENZA		TRABADA		S. M. MONDOÑEDO	
	A	B	A	B	A	B	A	B	A	B
1650-59	277	298								
1660-69	291	312								
1670-79	224	247	412	429	277	300	366	384		
1680-89	-	-	341	360	364	383	352	376		
1690-99	371	389	294	314	348	367	374	=		
1700-09	260	=	303	=	-	-	281			
1710-19	344	=	266		384	402	387	407		
1720-29	318	=	426		382	400	262	279		
1730-39			357		370	388	353	371		
1740-49			428		346	365	334	355		
1750-59			448		319	338	417	434	1358	=
1760-69			395		339	358	332	348		
1770-79			382		339	358	345	355		
1780-89			336		303	323	392	=		
1790-99	293	=	301		245	267	319	=		
1800-09	258	=	334		-	-	354	=		
1810-19	264	=	352		-	-	327	=	286	307
1820-29	374	=	324		-	-	-		282	303
1830-39	-		311		282	303	-		-	-
1840-49	-		371		279	300	-		348	367
	MAGAZOS		STA. CRUZ DO VALADOURO E VILACAMPA		VALE		GALDO		DEVESOS E FREIRES	
	A	B	A	B	A	B	A	B	A	B
1790-99	256	278	-	-	333	358	-	-	308	328
1800-09	220	242	281	302	288	312	-	-	-	
1810-19	273	294	296	317	329	353	342	379	-	
1820-29	283	307	298	319	238	260	256	278	-	
1830-39	269	290	301	322	-	-	327	347	246	268
1840-49	256	277	319	339	-	-	276	296	309	329

Unha observación polo miúdo permite comprobar que no mesmo decenio, as taxas varían dunha freguesía a outra, pero este é un feito que non sorprende xa que é ben sabido que comunidades con características xeográficas parecidas podían presentar niveis ben diferentes de mortandade infantil-xuvenil. As cotas son máis elevadas, por exemplo, en Vilanova de Lourenzá ca en San Tomé e San Xurxo (parroquias veciñas), en razón quizabes da abundancia de pobres e "bodegueiros" que había na vila monástica. Epidemias de carácter localizado explican, tamén, algunhas diferencias.

Debe repararse en que, dende o punto de vista estrutural, as taxas de mortandade de "párulos" poden considerarse, en xeral, baixas. En Trabada, só dúas de quince décadas está por riba do 400 por mil; na Devesa, en San Tomé e San Xurxo en ningún dos decenios controlados pasa do 402 por mil. En realidade, as cotas que atopamos na mariña cantábrica veñen ser ben parecidas ás que diversos investigadores encontraron en comarcas da Galicia occidental: casos do Salnés, Xallas, Morrazo, Baixo Ulla, Terra de Montes, península do Barbanza e xurisdicción de Rianxo¹⁶. Con todo, na mariña aprécianse fluctuacións que consideramos importantes: a xulgar polos datos da Devesa, Vilanova de Lourenzá, San Tomé e San Xurxo, a mortandade era máis elevada na primeira metade do XVIII ca antes de 1700; por outra parte, a fins do XVIII as taxas tenden a baixar, segundo pode verse nos casos que acabamos de citar. Este descenso non se aprecia ben en Trabada, debido ás epidemias de 1785 e 1789 (en particular no primeiro ano, cando se bautizaron 36 nenos e se funeraron 34). A fins do XVIII e comenzos do XIX moitas parroquias presentan cotas realmente baixas, cousa que nos reafirma na idea dun descenso da mortandade de "párulos" a partir de 1770/80¹⁷. E, en xeral, estas taxas reducidas mantéñense

CADRO IV
Taxas de mortandade de "párulos" en dúas pequenas poboacións
vilegas da mariña. A e B coma no cadro anterior.

	MONDOÑEDO		VIVEIRO	
	A	B	A	B
1716-29	498	-	-	-
1730-39	472	-	-	-
1740-49	423	-	-	-
1750-59	463	-	-	-
1760-69	480	-	337	344
1770-79	471	-	466	476
1780-89	385	-	324	339
1790-99	351	370	396	413
1800-09	332	352	393	410
1810-19	269	290	298	318
1820-29	329	348	299	320
1830-39	300	320	340	359
1840-49	385	402	327	347

¹⁶ Os traballos de J. M. Pérez García (Salnés), B. Barreiro (Xallas), X. Rodríguez Ferreiro (Morrazo), O. Rey Castelao (Ulla), C. Fernández Cortizo (Montes), D. Bravo (Barbanza) e Costa Rodil (Rianxo), proban que a mortandade de "párulos" non chegaba ó 400 por mil no XVIII. Estudio comparado das taxas de Galicia e das de outras partes da Península Ibérica e Francia en A. EIRAS ROEL, "Modèle ou modèles de démographie ancienne? Un résumé comparatif", *La France d'ancien régime. Etudes réunies en l'honneur de Pierre Goubert*, Paris, 1984, I, pp. 249-257.

¹⁷ A redución da mortandade de párulos a fins do Antigo Réxime nótase tamén no País Vasco e Cantabria, cfr. FERNANDEZ de PINEDO, E., *Crecimiento económico y transformaciones sociales del País Vasco, 1100-1850*, Madrid, 1974, p. 116; e LANZA GARCIA, R., *La población y el crecimiento económico de Cantabria en el Antiguo Régimen*, Madrid, 1991, pp. 229 ss.

durante a primeira metade do XIX, aínda que nalgunha parroquia a situación se agrave entre 1790-99 e 1840-49 (caso de Lourenzá).

No mundo urbano as fluctuacións das taxas de mortandade percíbense claramente, segundo amosan os exemplos de Mondoñedo e Viveiro (Cadro IV).

Na cidade capital de provincia, de taxas próximas ó 500 por mil anteriores á década de 1780 pásase a outras por baixo de 400 por mil. A pesar de recrutamentos esporádicos nalgunhas décadas do XIX (1830-39 en Viveiro; 1840-49 en Mondoñedo), dende o punto de vista estrutural hai que admitir unha redución importante da mortandade de "párulos" na etapa final do Antigo Réxime, cousa que parece ter acontecido tamén noutras poboacións, como Monforte, onde se pasa dunha cota do 450 por mil entre 1735-59 a outra de 356-374 por mil en 1790-1805, segundo consulta parcial que fixemos dos libros da parroquia da Régoa.

Polo que toca á Galicia interior (non vitícola) a información é menos abundosa, pero a pouca de que dispoñemos ata o presente deixa ver que a mortandade de "párulos" non era nas parroquias das montañas luguesa e septentrionais mais baixa ca na Mariña.

CADRO V

Taxas de mortandade de "párulos" en parroquias non vitícolas da Galicia interior. A e B coma nos cadros anteriores.

	ZANFOGA		AUGASMESTAS E QUINTA DE LOR		SEARA		XESTOSO		MEIRA E SEIXOSMIL	
	A	B	A	B	A	B	A	B	A	B
1660-69	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
1670-79	>318	338	-	-	-	-	-	-	-	-
1680-89	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
1690-99	-	-	358	-	-	-	-	-	-	-
1700-09	-	-	378	-	-	-	-	-	-	-
1710-19	-	-	350	-	-	-	-	-	-	-
1720-29	-	-	318	-	-	-	-	-	-	-
1730-39	-	-	406	423	-	-	-	-	-	-
1740-49	-	-	332	352	-	-	-	-	-	-
1750-59	-	-	416	433	-	-	-	-	-	-
1760-69	-	-	426	442	341	359	-	-	-	-
1770-79	-	-	263	284	299	320	-	-	-	-
1780-89	237	259	323	342	430	447	-	-	-	-
1790-99	-	-	318	337	396	414	-	-	-	-
1800-09	-	-	499	513	365	-	-	-	>305	325
1810-19	244	266	307	327	414	-	365	-	-	-
1820-29	-	-	314	334	413	-	355	-	-	-
1830-39	279	279	374	392	261	-	331	-	-	-
1840-49	-	-	322	342	368	-	284	-	-	-

En Augasmestas e Quintá de Lor entre 1690 e 1749 hai catro décadas en que a taxa está por riba do 400 por mil, e só unha por debaixo do 300 por mil. En Seara aparecen tamén a fins do XVIII e principios do XIX cotas por encima do 400 por mil, sen que neste caso se poida falar dunha redución da mortandade, polo menos antes de 1830; en Augasmestas e Quintá de Lor as taxas baixas de 1770-1799 parecen tan só conxunturais, pois na primeira metade do XIX vóltase a porcentaxes semellantes ós dun século atrás. De tódolos xeitos, os datos que para algúns decenios de fins do XVIII e primeira metade do XIX proporcionan os rexistros de Santa María de Xestoso, Meira e Seixosmil, e Zanfoga son ben parecidos ós que xa comentamos da mariña e quizabes os niveis de mortandade non eran moi diferentes no interior e na montaña. As elevadas taxas que -en comparanza a outras parroquias de Galicia- se documentan en Seara explicaríanse nalgunha medida por unha certa “descomposición” do campesiñado, motivada pola presenza dunha ferrería (dos 80 veciños que se censan en 1752, 22 eran “xornaleiros” e 6 pobres de solemnidade).

As series das parroquias vitícolas teñen escasa continuidade, pero unha observación de carácter xeral revela que as taxas son considerablemente máis elevadas cas atopadas ata agora en Galicia.

CADRO VI

Taxas de mortandade de “párulos” en parroquias vitícolas. A e B coma nos cadros anteriores.

	SAN CLODIO DE RIBAS DE SIL		POMBEIRO		SANIN*		CUDEIRO	
	A	B	A	B	A	B	A	B
1660-69	653	-	663	-	-	-	-	-
1670-79	537	-	550	-	-	-	-	-
1680-89	492	-	507	-	-	-	-	-
1690-99	378	-	396	-	-	-	-	-
1700-09	437	-	=	-	-	-	-	-
1710-19	470	-	-	-	-	-	-	-
1720-29	435	-	451	-	-	-	-	-
1730-39	454	-	-	-	-	-	-	-
1740-49	-	-	-	-	-	-	-	-
1750-59	-	-	-	425	480	-	-	-
1760-69	-	-	-	-	515	-	-	-
1770-79	426	-	-	375	468	-	-	-
1780-89	416	-	-	313	-	-	-	-
1790-99	420	-	-	-	-	-	-	-
1800-09	346	-	365	383	529	-	-	-
1810-19	-	-	-	-	-	-	>382	400
1820-29	-	-	-	323	-	-	-	-
1830-39	-	-	-	433	-	-	369	388
1840-49	-	-	-	417	-	-	-	-

* O rexistro non permite saber se están ou non anotados os bautizados con auga de socorro.

En San Clodio de Ribas de Sil entre 1660 e 1809 a mortandade rara vez baixa de 400 por mil; na pequena freguesía de Sanín (no Ribeiro) anda polos 500 por mil; en Pombeiro os niveis son algo máis baixos, pero neste caso as superficies de labradío e prado case igualaban ás de viñado. Por un traballo en curso de publicación sabemos tamén que nas parroquias do Hospital e Hermida, no val de Quiroga, nas que os veciños se ocupaban parcialmente na viticultura e en dúas ferrerías, as taxas de mortandade estaban a miúdo, no decorrer do XVIII, por riba do 400 por mil¹⁸. Podemos, pois, afirmar que a fins do Antigo Réxime, as comarcas vitícolas do sur de Lugo e dos Riberios de Ourense tiñan unhas cotas de mortandade de "párvulos" un 10-12 por cen superiores ás da Mariña¹⁹. Existe unha correlación positiva entre dedicación ó viñado e forte mortandade infantil-xuvenil. En casos coma San Clodio e Sanín non se aprecia unha redución significativa da mortandade a fins do XVIII e comezos do XIX, cando as taxas destas parroquias rurais están por riba das de Mondoñedo, Monforte e Viveiro.

III.- Algunhas explicacións.

As diferencias fundamentais que apreciamos nas taxas de mortandade de "párvulos" son as que resultan de comparar as parroquias vitícolas coas que non o eran (deixando agora á parte as diferencias que, polo menos ata fins do XVIII, hai entre mundo urbano e rural). Este feito parece indicar que para explica-los contrastes mencionados é preciso ter en conta o sistema agrario de cada comarca e as características da alimentación. Non nos parece que as estruturas familiares sexan decisivas á hora de dar conta dunhas e outras cotas: en teoría as familias da montaña luguesa, con abundante forza de traballo (por mor da presenza de celibatos e celibatas), deberían favorecer unhas taxas de mortandade moi baixas (pois, entre outras cousas, permitiríanlle á nai ocuparse máis intensamente dos fillos), pero xa vimos como os niveis de mortandade non son inferiores ós da mariña, onde dous tercios aproximados das familias eran de carácter nuclear. As familias do Ribeiro (nucleares nun 70 por cento), eran de cativas dimensións²⁰, pero tamén tiñan poucos membros as da Galicia occidental, e aquí as cotas de mortandade preséntanse máis ben benignas. No eido

¹⁸ Cfr. GOMEZ PORTELA, M. J., "Estudio demográfico de San Salvador del Hospital y Santa María de Hermida", en publicación na revista *Lucensia*; entre 1690 e 1799, as taxas están por riba do 400 por mil en sete decenios.

¹⁹ Estudiando o censo de Floridablanca, A. EIRAS ROEL xa indicou que o "modelo demográfico" das comarcas vitícolas se caracterizaba, entre outras cousas, por unha forte mortandade infantil-xuvenil; vid., "Mecanismos autorreguladores, evolución demográfica y diversificación intrarregional. El ejemplo de la población de Galicia a finales del siglo XVIII", *Boletín de la ADEH*, VIII, 2, (1990).

²⁰ Cfr. SAAVEDRA, P., "Casa y comunidad...", pp. 95 ss.c

comarcal non apreciamos, polo tanto, unha correspondencia clara entre estruturas familiares e niveis de mortandade. Con todo, sería necesario un estudio individualizado das familias atendendo á súa composición e ingresos para aquilatar mellor a posible influencia destes factores.

Non podemos elaborar, para as diversas comarcas, taxas comparadas por idades, cousa que nos permitiría descubrir a partir de qué meses e anos nacían as diferencias que fomos apreciando nas cotas dunhas e outras parroquias. Pero os poucos datos cos que contamos indícanos que tiña que ser despois do primeiro ano, ou mellor, do destete, xa que antes de cumprir doce meses a mortandade parece considerablemente elevada, segundo se desprende da información que para 1802-14 proporciona o rexistro de Santa María de Trabada:

CADRO VII
Reparto da mortandade por idades, en Trabada, 1802-14.

	% sobre o total de mortos	% sobre os bautizados	% acumulativo
Ata oito días	27,4	93,1	93,1
De oito días a un mes	13,4	45,6	138,7
Dun mes a un ano	26,9	91,2	229,9
Dun ano a catro	19,9	67,5	297,4
De catro a sete anos	12,4	42,0	339,4
TOTAL	100,0	339,4	339,4

A mostra é, desde logo, reducida (548 bautizos, 186 defuncións), pero ven apoiada polos datos de Santa Cruz do Valadouro e Vilacampa, malia non ser tan precisos coma os de Trabada, ó falta-los enterrados con auga de socorro: supoñendo -en razón do que quedou dito atrás- que estes representan un 3 por cento dos bautizados, atoparíamos con que entre 1804 e 1830 naceron 1.073 pequenos e morreron 340, ou sexa unha taxa de mortandade de “párvulos” de 317 por mil; pois ben, antes dun ano a taxa foi do 224 por mil (207 por mil se non se introduce a corrección cos de “auga de socorro”), case igual á de Trabada. Parece, xa que logo, que a mortandade infantil era, a principios do XIX, relativamente elevada, con niveis que estarían cerca dos acadados en Castela ou en diversas partes de Francia²¹. Isto quere dicir que estamos diante dunha forte mortandade endóxena e que as baixas cotas que se acu-

²¹ Para Castela, PEREZ MOREDA, V., *Las crisis...*, p. 148; para Francia, os datos resumidos que ofrece M. W. FLINN en *El sistema demográfico europeo*, Barcelona, 1989, pp. 184-187, que nos aforran de mencionar parte dos abundantes e bos traballos elaborados por historiadores-demógrafos deste país.

mulaban -no caso da Mariña- ata sete anos son posibles polo que acontece desde que o neno cumpre un ano ou, con máis propiedade, desde que é destetado (entre os 18 e os 24 meses). J. M. Pérez García, con datos máis abundantes e precisos que os que nós utilizamos aquí, xa adiantou esta hipótese para explica-los diferentes niveis de mortandade que existían en 1650-1850 nas Rías Baixas e na Horta de Valencia²². Parécenos, desde logo, que o mesmo argumento debe terse en conta á hora de buscar as razóns polas que as taxas de mortandade de "párvulos" eran máis elevadas nas parroquias vitícolas -e no mundo urbano- ca nas da mariña e nas da montaña.

Como teñen salientado os estudiosos do tema, é moi probable que namentres os nenos eran alimentados co leite da nai a mortandade fose parecida nunhas e noutras localidades. A época do destete e o réxime alimenticio tiñan pois unha influencia decisiva²³. Na Galicia rural, o destete producíase en época tardía (agás que a nai quedase embarazada de novo axiña), ós 18-24 meses. Esta práctica non quitaba de que ós poucos meses se lles desen ós pícaros papas de millo ou centeo, preparadas con leite, e mesmo outros alimentos que antes mastigaba a nai²⁴. Nas comarcas de monocultivo vitícola a penas existía gado vacún nin cereais²⁵, polo que o cambio de alimentación tiña que causar verdadeiros problemas ós rapaces, seguramente máis graves ca no mundo urbano, aínda que aquí cumpriría diferenciar entre os diversos grupos sociais, e ve-la influencia das circunstancias ambientais, que favorecerían a propagación de epidemias. Con todo, se admitimos que era ano de epidemia aquel no que o número de mortos representaba polo menos o 75 por cento dos bautizados, temos que dicir que en San Clodio de Ribas de Sil eran máis frecuentes ca en Mondoñedo.

As noticias que ofrecen os libros de defuntos tocante ás causas da morte dos "párvulos" permiten albisca-los graves efectos que tiñan as enfermidades propias dos primeiros meses de vida ou da idade na que os nenos se alimentaban, principalmente, de leite. Na parroquia de Trabada, nos anos que van de 1802 a 1814, sobre 123 casos coñecidos, o 25,2 por cento morre "de lombrices", o 23,6 "de costado", e o 18,7 "de tabardillo" (na epidemia de 1808). En Mondoñedo os rexistros infórmanos das causas polas que finaron 517 pícaros entre 1847 e 1855: o 41 por cento falecen "de lombrices", o 18,2 "de fiebre" e "calentura", o 12,8 de viruela (nas epide-

²² PEREZ GARCIA, J. M., "Un modelo de mortalidad...", pp. 1.064 ss.

²³ Cfr. LIVI-BACCI, M., *Ensayo sobre la historia demográfica europea. Población y alimentación en Europa*, Barcelona, 1988, pp. 117 ss.

²⁴ Vid. a contribución de V. RISCO á *Historia de Galiza*, dirixida por R. OTERO PEDRAYO, Bos Aires, 1968, II, onde se ocupa das "idades da vida".

²⁵ Cfr. SAAVEDRA, P., "La economía vitícola en la Galicia del Antiguo Régimen", *Agricultura y Sociedad*, 62 (1992).

mias de 1847 e 1850), o 5,2 “de costado”, o 4,1 “de toferina”, e o 3,1 por cento de cólera (en 1855). Certa clase de enfermidades, relacionadas en particular coa alimentación e con circunstancias ambientais (fríos, etc.), parecen ter un “carácter estrutural” e causaban máis mortos que determinadas epidemias -como as vexigas e o “tabardillo”-, que aparecían de cando en vez e que podían afectar a unhas parroquias e non a outras. O pai Sarmiento dicía que os dous “Herodes” peores para os nenos eran primeiramente as vexigas, e a continuación as lombrigas: “éstas generalmente se producen de la leche que se mama; todo dulce las conserva y todo amargo las mata. Es observación que las lombrices están orgullosas y hacen más estrago, en luna llena”²⁶. Os datos que acabamos de citar deixan ver que causaban máis estragos as lombrigas cás vexigas.

A evolución mensual da mortandade de “párulos” non presenta grandes novidades, segundo pode verse no cadro seguinte, construído con datos de Mondoñedo.

CADRO VIII

Movemento mensual do número de bautizados e dos “párulos” e adultos falecidos en Mondoñedo, 1775-99.

Mes	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII
Índice bautizados	106	122	117	103	88	89	91	87	99	98	106	97
Índice pár.v.mortos	97	95	106	101	95	95	86	108	115	122	102	79
Índice adult.mortos	121	94	114	100	99	93	86	82	93	99	105	112

Sería conveniente dispoñer dos datos por idades, pero como xa sabemos que dous tercios dos “párulos” morrían antes do ano o cadro reflicte, antes ca nada, o reparto mensual da mortandade dos 12 primeiros meses. E percíbese con claridade que a época peor para os nenos era a formada polos meses de agosto-outubro: neste trimestre producíanse un 24 por cento dos bautizados e un 29 por cento das defuncións; en cambio en xaneiro-abril nacía o 36,8 por cento dos cativos e morrían o 32,8²⁷. A mortandade de adultos, pola contra, agrávase sobre todo no inverno. Nada de todo isto é novidoso, e os propios contemporáneos eran ben conscientes da diferente estacionalidade da mortandade adulta e de párulos, segundo pode comprobarse no refraneiro.

²⁶ Vid. *La educación en Fray Martín Sarmiento*, de J. L. PENSADO, Xunta de Galicia, 1985, pp. 56 ss.

²⁷ Sería preciso ter en conta en que mes nacían os nenos para ver como lles afectaba o outono. Vid. BRESCHI, M. e LIVI-BACCI, M., “Saison et climat comme contraintes de la survie des enfants. L’expérience italienne au XIX^{ème} siècle”, *Population*, XLI (1), 1986; e REHER, D. S., *Familia, población y sociedad en la provincia de Cuenca, 1700-1970*, Madrid, 1988, pp. 101 ss.

Para rematar, queda preguntarse polas causas da redución da mortandade que se nota a fins do XVIII en varias parroquias do mundo rural e nas poboacións vilegas, e que nalgúns casos non deixa de chama-la atención. As elevadas taxas de mortandade ata un ano que, a comezos do XIX, documentamos en Trabada, Santa Cruz do Valadouro e Vilacampa (freguesías nas que logo as taxas acumuladas ata sete anos son máis ben baixas, do 339 e 317 por mil), permiten sospeitar que a melloría se rexistrou a partir do destete, cousa que concorda co que sabemos polos estudos de tipo comparativo, pois era moi difícil aminora-la mortandade endóxena sen melloras na atención médica ás parturientas.

De tódolos xeitos, pódese admitir que se acadou máis a miúdo a cirurxiáns, en partos dificultosos: na parroquia de Trabada, entre 1785 e 1809 fáiselle-la cesárea a cinco mulleres xa mortas, para sacarlle-la criatura (nestes casos tamén sen vida). No mundo vilego o recurso a cirurxiáns debeu darse con maior frecuencia, pero neste momento non temos probas definitivas coas que avalar tal hipótese. En calquera caso, volvendo ó argumento das cotas que mencionabamos, tivo que haber mellora na alimentación, na vivenda, na limpeza e na crianza que favoreceron a supervivencia. Neste aspecto non ha de esquecerse o interese que se nota a fins do Antigo Réxime pola creación de escolas e o feito de que se publique algunha obra dedicada parcialmente á educación dos nenos -o médico titular de Mondoñedo Don José R. Senra y Parada edita a principios do XIX unha tradución do libro de Tissot *Enfermedades de nervios*²⁸, coas oportunas anotacións-, son mostra dun meirande interese pola infancia. Algunha influencia, por pouca que fose, debeu ter todo isto, aínda que só se notase entre os sectores sociais de certo acomodo²⁹. Os nenos dos "bodegueiros" seguiron morrendo seguramente como antes, e os mesmos cregos nos informan da desigualdade social diante da parca: "murió ayer, tal vez por efecto de la pobreza y miseria, enfermedad que padecen sus padres", anota nunha partida de 12/V/1851 o rector de Santa María de Xestoso, correspondente a un párvulo de dous anos; e doutro de dous meses, morto no mesmo ano, declara que finou "de miseria tal vez, por hallarse enferma y pobre su madre [solteira]".

²⁸ A obra publicouse en Madrid en 1807, e coñecémola gracias á amabilidade de X. R. Barreiro Fernández.

²⁹ Cabo do 1900 as familias labregas acudían máis ás parteiras cós cirurxiáns, segundo mostra a enquisa feita polo Ateneo de Madrid; vid. *Nacemento, casamento e morte en Galicia*, Comisión de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega, Santiago, 1990.